

19 DE MARZO

“Día do Pai Igualitario”



I OLIMPIADA DE PAIS POLA IGUALDADE “PAPÁ MANS Á OBRA”

ORGANIZA:

Concellería da Muller, Servizos Sociais e Sanidade do Concello de Soutomaior

Centro de Información á Muller

COLABORAN:

Concello de Soutomaior

Cooperativa de Ensino Santiago Apóstol (A Montesíña)

C.E.I.P. Padín Truiteiro (Arcade)

BASES DAS OLIMPIADAS DE PAIS IGUALITARIOS DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR “PAPÁ MANS Á OBRA”

Este concurso enmárcase dentro das actuacións do II Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Soutomaior (2008-2011). En concreto dentro da área de intervención de Educación e Sensibilización, co obxectivo de promover a participación das familias e de outros axentes educativos na coeducación e o fomento da corresponsabilidade.

Co gallo do “Día do Pai” o 19 de marzo e dentro das I Xornadas do Pai Igualitario organizadas polo Concello de Soutomaior; o Centro de Información á Muller, dependente da Concellería de Muller, Servizos Sociais e Sanidade, convoca a I Olimpiada de Pais pola Igualdade do Concello de Soutomaior “Papá Mans á obra”.

O Obxectivo deste concurso é o de promover a educación en igualdade entre os rapaces e rapazas e o de fomentar a sensibilización para romper con estereotipos sexistas, potenciando a creación dunha identidade de xénero flexible e integral que nos aporte a tod@s maior liberdade e autonomía.

Por outro lado promover a participación das familias e outros axentes educativos no fomento da corresponsabilidade, así coma aumentar a implicación da poboación masculina nas actividades en prol da igualdade real de oportunidades e fomentando a construción de novos roles de xénero que aporten maior flexibilidade e liberdade os seus fillos/as.

Neste concurso os pais terán que pasar unhas cantas probas e preguntas relacionadas coas responsabilidades do fogar , das tarefas domésticas e do coidado. Valorarase por parte da organización tanto a rapidez coma a destreza coa que se leven a cabo estas tarefas.

A olimpiada levaráse a cabo no Multiusos de Arcade, o venres 18 de marzo ás 18:30 horas e todos os participantes deberán estar anotados con anterioridade no teléfono 986701227 , ou nas oficinas do CIM.

BASES:

1º.- TEMÁTICA. A temática do concurso é a IGUALDADE NO ÁMBITO DOMÉSTICO E FAMILIAR, entendida como a participación dos pais, avós, ou outras figuras masculinas do seu entorno , nas tarefas domésticas e de coidado e en conductas de corresponsabilidade.

2º.- PARTICIPANTES. Poderán participar neste concurso os pais, avós ou tutores dos/ das menores do Concello de Soutomaior empadroados.

3º.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSCRICIÓNS. Os participantes deberán inscribirse previamente nas oficinas do CIM.

R/ Peirao, 8 (Multiusos de Arcade)
Arcade C.P. 36690 Pontevedra
Teléfono e fax. 986.70.12.27
e-mail: cim@soutomaior.es

O prazo das inscricións remata o 11 de marzo ás 14:00 horas.

4º EXPLICACIÓN DA ACTIVIDADE. A Olimpiada consistirá nunha serie de probas e preguntas relacionadas coas responsabilidades do fogar, das tarefas domésticas e do coidado. Valorarase por parte da organización tanto a rapidez coma a destreza coa que se leven a cabo estas tarefas.

5º CATEGORÍA E PREMIO. Establécese unha única categoría que incluírá a todos os participantes, que serán agasallados cun delantal conmemorativo da olimpiada pola súa participación.

1º PREMIO: Trofeo conmemorativo das Olimpíadas do Pai Igualitario.

Os premios entregaránse o venres 18 de marzo una vez rematada a actividade.

6º A PARTICIPACIÓN NESTE CONCURSO IMPLICA ACEPTAR INTEGRAMENTE ESTAS BASES.



FICHA DE INSCRICIÓN



I OLIMPIADA DO PAI IGUALITARIO

“ Papá máns á Obra ”

NOME :

TELÉFONO:

IDADE:

POBOACIÓN:

DNI:

MAIL:

De acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, informámoslle de que os seus datos persoais pasarán a formar parte dun ficheiro, do que é responsable o CONCELLO DE SOUTOMAIOR. con domicilio social en R, Alexandre Bóveda, 8. C.P. 36691 SOUTOMAIOR (Pontevedra). O nome do ficheiro é Asistentes a cursos e outras actividades. Los datos de carácter persoal incluídos neste ficheiro teñen como finalidade a xestión dos cursos e actividades similares que organiza ó Concello.

MÁIS INFORMACIÓN 986701227

